



ADMINISTRACIÓN LOCAL MUNICIPAL CARBALLO

Anuncio de aprobación definitiva da modificación da Ordenanza Fiscal nº 15: taxas cemiterio municipal

O Pleno da Corporación, na sesión ordinaria do luns, 27 de novembro do 2023 adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

1º.- Aprobar inicialmente a modificación da Ordenanza Fiscal nº 15 do Concello de Carballo, reguladora das taxas por servizos no Cemiterio Municipal, consistente en dar nova redacción ao concepto 1.3 e 1bis.1. do artigo 7º da mesma, regulador da cota tributaria.

2º.- Proceder á exposición pública do acordo de modificación da Ordenanza durante un prazo de 30 días hábiles, a contar desde a inserción do anuncio da súa aprobación inicial no Boletín Oficial da Provincia, para a interposición de alegacións. De non se teren presentado alegacións, as modificacións da Ordenanza consideraranse tacitamente aprobadas, sen necesidade de novo acordo plenario, e entrarán en vigor, unha vez publicado o anuncio de aprobación definitiva da mesma, xunto co texto íntegro das modificacións operadas na Ordenanza, ao día seguinte ao da publicación do anuncio de aprobación definitiva no B.O.P.

En data 05/12/2023, procedeuse á inserción do preceptivo anuncio de exposición pública no BOP n.º 232, anuncio 2023/9501, no taboleiro de edictos do Concello, e, en data 06/12/2023, no diario El Ideal Gallego-Diario de Bergantiños, tal e como preven os apartados 1 e 2 do art. 17 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aprobou o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

Transcorrido o prazo de exposición pública sen que se teñan presentado alegacións, procede, por tanto, en cumprimento do establecido no art. 17.4 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aprobou o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, inserir anuncio co texto completo das modificacións operadas na dita Ordenanza no Boletín Oficial da Provincia, coa inserción do texto completo da Ordenanza modificada, que entrará en vigor, segundo o previsto no acordo antedito, ao día seguinte ao da publicación do anuncio de aprobación definitiva no B.O.P.

Texto completo da modificación operada:

<<ARTIGO 7.º.-COTA TRIBUTARIA.

A cota tributaria determinarase atendendo ás seguintes tarifas:

Concepto:	Importe.
1.-Concesión de nichos.	
1.1.-Nas fases do cemiterio executadas antes do ano 2002:	360,61 euros/nicho.
1.2.-Nas fases do cemiterio executadas no 2002 e sucesivas:	674 euros/nicho.
1.3.- Nas fases do cemiterio executadas no ano 2021 e sucesivas:	920 €/nicho.
1bis.- Concesión de columbarios.	
1bis.1.- Nas fases do cemiterio executadas no ano 2021 e sucesivas:	360 €/columbario.

[...]>>

Carballo, 4 de marzo do 2024.

O ALCALDE,

Evencio Ferrero Rodríguez